

CICLO PENSARMOS

António Cunha
*Tecnoloxías: perspectivas, inquietudes e
alternativas*

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 23 de maio de 2019 ás 18:00 horas



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa. A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo . caron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes. Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas.

Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. "Atrévete a pensar" é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá. Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas.

Durante o ano 2019 cada cuarto xoves de mes o ciclo Pensarmos ofreceranos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

- 27 xuño: Margarita Boladeras Cucurella, "Eutanasia e dereitos humanos"

PROGRAMA

18:00 horas

Presentación

18:15 horas

Tecnoloxías: perspectivas, inquietudes e alternativas

António Cunha dialoga con **Juan José Casares Long**

António Cunha

Nasceu em Braga em 1961, casado e pai de dous filhos. Licenciou-se em Engenharia de Produção, na Universidade do Minho (UMinho) em 1984 e doutorou-se em Ciência e Engenharia de Polímeros (1991).

É professor catedrático do Departamento de Engenharia de Polímeros, desde 2003, e investigador do Instituto de Polímeros e Compósitos (IPC).

Autor ou coautor de 2 livros, 120 artigos em revistas científicas internacionais (ISI) e 4 patentes.

Foi presidente da Escola de Engenharia da UMinho, entre 2005 e 2009, cofundador e administrador do Inovação em Engenharia de Polímeros (PIEP), de 2001 a 2009, e administrador do Centro de Engenharia e Desenvolvimento (CEIIA), de 2005 a 2009 e desde 2018. Así mesmo, foi presidente do Padroado da Fundação CEER (Universidades Norte de Portugal / Galiza), de 2010 a 2016, e do Instituto Internacional Casa de Mateus, de 2010 a 2016.

Reitor da Universidade do Minho entre os anos 2009 e 2017.

Exerceu como presidente do Conselho de Reitores das Universidades Portuguesas, de 2014 a 2017, co-chairman dos Programas MIT-Portugal e Bosch-UMinho, membro do Board do Instituto Internacional Ibérico de Nanotecnologia (INL) e presidente do CoLab em Transformação Digital, DTx. É membro da Academia Portuguesa de Engenharia.

Recibiu a Insígnia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela en 2013, Cidadão honorário e medalha de honra do Município de Guimarães en 2016, Medalha de mérito científico do Ministério da Ciência, Tecnologia e Ensino Superior en 2017, Medalha de ouro da Cidade de Braga no ano 2018 e Grã-Cruz da Ordem da Instrução Pública en 2018.

Juan José Casares Long

Natural da Coruña, onde naceu en 1950, casado e pai de dous fillos. Licenciado en Química (1972) pola Universidade de Santiago de Compostela, doutor en Química pola Universitat Autònoma de Barcelona e Ph.D. en Enxeñaría Química pola Universidade de Salford (1978).

Catedrático de Enxeñaría Química da Universidade de Santiago de Compostela dende 1992. Foi director do Departamento de Enxeñaría Química e reitor da Universidade de Santiago entre 2010 e 2014.

Ten publicados máis de 70 artigos científicos, é coautor dunha dúzina de monografías técnicas, director de trece teses de doutoramento, proxectos competitivos e contratos de investigación. Tamén impartiu numerosas conferencias e seminarios. No sector industrial, traballou nas empresas Tudor S.A. e Endesa.

En canto ao ámbito da Administración, foi director do Centro de Supercomputación de Galicia e director xeral da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Así mesmo, foi presidente da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago, da Comisión Técnica de Informática de Galicia e do Padroado da Fundación Universidade-Empresa de Galicia. Na actualidade é membro do Board of Directors do Wessex Institute of Technology e da Xunta Directiva de Música en Compostela.

ORGANIZA

Sección de Pensamento
Consello da Cultura Galega

COORDINA

Carme Adán Villamarín

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

